

VIEIROS

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Alfonso Pexegueiro: A illa das mulleres loucas

Vinte anos non son nada

A illa das mulleres loucas

Alfonso Pexegueiro

Galaxia, Vigo, 2005. 82 páxs., 9,50 €

No autoexilio catalán, o poeta Alfonso Pexegueiro publica no febreiro de 1984 un poemario que ía marcar un fito na literatura galega de vangarda: *A illa das mulleres loucas* ou *L'Ille de les dones folles*. Apareceu nunha versión bilingüe que tería unha interesante entrada na campo literario catalán, mais non no galego; aquí foi un volume silenciado ou malinterpretado pola crítica.

- 11:52 09/05/2005

Neste ano 2005 vén da man da editorial Galaxia a reedición deste poemario. Non é apenas unha volta ao clásico senón que trae consigo un CD musical no que Alfonso Pexegueiro cumpre un dos seus soños: musicalizar unha obra que parte da poesía para ser interpretada como ópera. Intentouno a primeira vez que saíu á luz este libro, mais a morte do músico Enrique X. Macías frustrou o pulso que só volvería rexurdir na figura dos músicos Quico Comesaña e Anxo Pintos. Os seus instrumentos fúsiónanse coa poesía lembrando os espectáculos performáticos interdisciplinares do Grupo Rompente do que Pexegueiro foi partícipe e cofundador.

Partindo da interpretación do conxunto do poemario coma un libreto operístico, o lector pode ter menos dificultades á hora de interpretar e entender o libro. O volume divídese en tres apartados: "introdución", "A illa das mulleres loucas" e "post scriptum". No "pre scriptum" ou "introdución" faise unha presentación da poética en tanto amosa os grandes núcleos temáticos do poemario: a loucura, a linguaxe e o mito. A loucura é recorrente no macrotexto do autor, así en obras como *Desatinos dun maldito*, *Hipatia* ou o último, *Dados blancos*.

Outra das constantes neste autor é a linguaxe, que traba relación co signo ou material co que o poeta traballa. Cómpre indicar que se trata dunha utilización do concepto linguaxe dende parámetros moi heideggerianos, en tanto a fala ou creación é a estrutura existenciais do estado de ser e do tempo.

Por último introduce o mito. Neste caso mestura a loucura e a vida, coma nas novelas de Dostoevski. Na obra de Pexegueiro o mito créase baixo a forma de narración ou de fábula. Mais aquí é interesante ver como a heroína busca a salvación e fai da súa voz o núcleo do discurso; ás veces lembra as protagonistas

dos ensaios de Ama Ata Aidoo, como Nzingha ou Lady Tiya of Numibia.

Na segunda parte do poemario preséntase a ópera *A illa das mulleres loucas*, ou a recreación do mito da loucura. Pódese establecer unha división desta sección en dous actos. No primeiro dáse comezo a unha aria da protagonista, unha das heroínas desta illa que vai facer un canto da loucura ou da salvación. O resto deste primeiro acto abrangue os XXII cantares restantes a modo de cantar épico  dialogando con Ezra Pound . Trátase dun conxunto de voces que se van tecendo até construír un universo totalizador: a illa. O xogo co tempo é interesante xa que desubica o receptor coas súas anotacións: "abril tarda", "¿pasou a primavera?", "¿virá o cuco este verán?". Ao mesmo tempo xoga o poeta con referencias a músicos coma Bruckner ou Mahler (romanticismo e postromanticismo) que vai confrontar con Bach (espiritualidade), compositor que aparece no segundo acto.

O segundo acto da ópera dá comezo no canto XXIII, no que o territorio da noite e o inverno dan paso á guerra e á desesperación. É o reinado do home, da morte, da non esperanza, que se ha resolver coa fuxida ou o exilio.

Na última parte ou "post scriptum", elabora o poeta dous textos novos para esta reedición. O primeiro deles leva o título "Coma icebergs" onde se presenta unha autopoética que resume as claves esenciais da obra de Pexegueiro: o traballo coa linguaxe, a historia da illa como metáfora do exilio (territorio no que a ficción e a biografía do poeta chegan a se tocar) e a crítica social, que se manifesta en xogos aforísticos que fan reflexionar o lector. Tamén se deben ter en conta nesta parte as notas que o autor sitúa no final do libro, xa que fan referencia ao aparello de referencias intertextuais.

O segundo texto é un conto ou fábula esopiana titulada "A muller e o rei". A historia ha entenderse tendo en conta o macrotexto do autor, moi en concreto o último libro, *Dados blancos*, no que aparece "O conto de Lu" para tecer o cosmos elaborado por este poeta.

Como se pode comprobar, cómpre unha nova lectura deste texto, tendo en conta novas olladas como a do ámbito da performance e da neovangarda. Unha aposta que cumpre máis de vinte anos pero cun sabor a novo que pode chegar a sorprenden ao vermos como se presenta como un clásico ao lado de textos ancorados nun pasado que non progresa.

[mércao en Andel](#)